



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE SETEMBRO DE 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES (que se incorpora á sesión no momento que consta nesta acta)

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto o secretario accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de setembro de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202409260900070000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 13 DE MAIO DE 2024 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 20 DE MAIO DE 2024

Acceso á videoacta – 00:00:41 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 13 de maio de 2024 e á sesión extraordinaria e urxente do día 20 de maio de 2024, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 13 de maio de 2024 e á sesión extraordinaria e urxente do día 20 de maio de 2024, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria do día 13 de maio de 2024 e da sesión extraordinaria e urxente do día 20 de maio de 2024.

2. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES

Acceso á videoacta – 00:01:02 horas

Visto que consta a credencial expedida pola Xunta Electoral Central, con data 16 de setembro de 2024, a prol do candidato electo Sr. Barrientos Morales, e visto que o candidato presentou na Secretaría da Corporación a declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, e a declaración de actividades.

Cando son as once horas e un minuto, a Sra. alcaldesa efectúa o chamamento ao concelleiro electo, don Óscar Tomás Barrientos Morales, quen sube ao estrado e presta promesa manifestando que, por imperativo legal, promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Cambre con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Rematada a lectura, e acreditada a súa identidade ante o secretario accidental mediante exhibición do documento nacional de identidade, toma posesión como concelleiro do Concello de Cambre e incorpórase á sesión.

3. PARTE RESOLUTIVA

3.1. MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2023, RELATIVO Á SOLICITUDE DE CESIÓN AO CONCELLO DE CAMBRE DOS RAMAIS DO TREITO DA ESTRADA AC-12 ENTRE O P.K. 6+585 E O P.K. 7+280 M.I. E ENTRE O P.K. 7+010 E O P.K. 7+270 M.D.

Acceso á videoacta – 00:02:11 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2024 (CVD: AyIPL/tDi/MPR3iKoW7N), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 19 de setembro de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2023, acordou solicitar ao ministerio competente a cesión ao Concello de Cambre dos ramais do treito da AC-12 entre o p.k. 6+585 e o p.k. 7+280, M.I. e entre o p.k. 7+010 e o p.k. 7+270, M.D. Na parte expositiva da proposta aprobada constaba que a lonxitude total do treito a ceder era de 681 metros na marxe esquerda e 259 metros na marxe dereita, cunha superficie total estimada obxecto de cesión de 5.467 m².

Vistos os condicionamentos que constaban na dilixencia de Intervención de data 16 de novembro de 2023 (CVD: xp9Atm9YTahVjmAus6Cr), no que se refería, exclusivamente, á comprobación da existencia de crédito axeitado e suficiente e á sustentabilidade e estabilidade orzamentarias.

Visto que con data 18 de xullo de 2024 e núm. 202490000001829, rexistrouse de entrada neste Concello o escrito procedente da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia no que se fai constar que, revisado o acordo plenario adoptado o 30 de novembro de 2023 e a planimetría da cesión, observouse un erro na superficie e lonxitude dos treitos que se pretenden ceder, ao non contemplarse os terreos necesarios para a súa conservación e explotación, polo que solicitan a emenda do acordo plenario, no sentido de facer constar que a lonxitude total do treito a transferir é, na marxe esquerda, de 695 metros e, na marxe dereita, de 260 metros, cunha superficie total estimada obxecto de cesión de 11.872 m².

Visto canto antecede, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal na sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2024 e propoñer ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a cesión ao Concello de Cambre dos ramais do treito da AC-12 entre o p.k. 6+585 e o p.k. 7+280, M.I. e entre o p.k. 7+010 e o p.k. 7+270, M.D., sendo a lonxitude total do treito a transferir, na marxe esquerda, de 695 metros e, na marxe dereita, de 260 metros, cunha superficie total estimada obxecto de cesión de 11.872 m².

Segundo.- Designar á Sra. alcaldesa do Concello de Cambre para a realización das actuacións que requira a execución deste acordo.

Terceiro.- Remitir a certificación do acordo adoptado ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a través da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, e o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2024, obténdose o seguinte resultado:



Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Morales Barrientos, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2024 (CVD: AyIPL/tDi/MPR3iKoW7N), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:07:11 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

4. PARTE DECLARATIVA

4.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:07:24 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

4.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:07:27 horas

A) Moción do grupo municipal de UxC relativa á mellora da seguridade dos peóns

Acceso á videoacta – 00:07:28 horas

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, que, unha vez concedido, dá lectura á moción presentada por UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202400000004542 o día 19 de setembro de 2024, relativa ao asunto epigrafiado, que transcrita di:

“O Goberno de Cambre, logo de múltiples e reiteradas peticións ás administracións competentes sobre actuacións de mellora da seguridade dos peóns e ante a falta de resposta delas, formula para o seu debate e aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Cambre caracterízase pola súa numerosa actividade asociativa e veciñal a través da cal, os veciños e veciñas de Cambre fannos partícipes das súas inxerencias e necesidades, sendo unha delas a seguridade viaria e, especialmente, a dos peóns.

Grazas á forza conxunta de veciñanza e Concello conseguíuse a construción de beirarrúas nas zonas da Xira e A Casilla, imprescindibles para poder moverse a pé de xeito seguro polas ditas estradas e demandas históricas dos veciños e veciñas de Cambre.

Así mesmo, a través dos nosos programas de participación cidadá, as frecuentes reunións co tecido asociativo do noso Concello e o propio coñecemento das nosas parroquias e as súas necesidades, evidencian a necesidade de construción de beirarrúas na AC-214 que comuniquen a zona de Catro Camiños de Pravio con A Mota de Cecebre por un lado, e na AC-221 que comuniquen co Apeadeiro de Cecebre e continuando ata a ponte que cruza o embalse de Cecebre cara a Orto, por outro. Estas necesidades foron trasladadas por escrito dende o Concello de Cambre á Xunta de Galicia, sendo ambas reiteradas ata en catro ocasións, a primeira en xuño do 2018 e a última en abril do presente ano, todas elas sen resposta por parte da devandita administración. A estas peticións realizadas por escrito temos que sumar varias reunións entre Concello e Xunta nas que se tratou este tema quedando sempre pendentes de resposta por parte da administración autonómica que é a titular das estradas polas que discorrerían as beirarrúas solicitadas.

Así mesmo, en outubro de 2023 reiterouse a solicitude á Deputación Provincial da Coruña de construción de beirarrúas no km.3 da DP-1702 na contorna da glorieta da Rocha en Anceis. A seguridade peonil en ambos sentidos para o acceso á N-550 dende A Cabana melloraría considerablemente visto o abundante tráfico de vehículos na zona e a pouca visibilidade no lugar mencionado ao estar nunha curva. Esta administración tampouco deu resposta nin afirmativa nin negativa, a esta demanda do noso Concello.

A capital do Concello entronca coas parroquias a través de camiños peonís que, nalgúns tramos, carecen do espazo de seguridade necesario para garantir o tránsito da veciñanza de xeito seguro.

Ao entramado de beirarrúas existentes en sendas peonís, Cambre precisa sumar máis actuacións que complementen eses roteiros seguros para o tránsito peonil.

Por todo o anterior solicitamos á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial da Coruña:

1. Construción de beirarrúas por parte da Xunta de Galicia na AC-214 dende o cruzamento de Catro Camiños en Pravio cara ao lugar da Mota.
2. Construción de beirarrúas por parte da Xunta de Galicia na AC-221 dende o cruzamento de Catro Camiños en Pravio cara ao Apeadeiro de Cecebre, chegando ata o inicio da ponte que cruza o embalse de Cecebre cara a Orto.
3. Construción de beirarrúas en ambos sentidos por parte da Deputación Provincial da Coruña no km.3 da DP-1702 na contorna da glorieta da Rocha.”

Interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal de UxC de data 19 de setembro de 2024, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC anteriormente transcrita.

B) Moción do grupo municipal do PP para solicitar a supresión do xornal ‘Novas de Cambre’, mentres non se cree un marco regulatorio que garanta a pluralidade dos medios de comunicación municipais

Acceso á videoacta – 00:24:40 horas

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Piñeiro Fernández, que, unha vez concedido, dá lectura á moción presentada polo PP, rexistrada de entrada ao núm. 202499900006072 o día 20 de setembro de 2024, relativa ao asunto epigrafiado, que redactada en castelán e traducida ao galego di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Co obxectivo de que todos os cidadáns de Cambre teñen o dereito a recibir unha información veraz e á vez plural de todo o que acontece no noso concello, cun xornal municipal libre e independente, temos a obriga de velar porque a información institucional se subministre á cidadanía sen rumbo propagandístico.

Desde o Partido Popular e outros grupos políticos, veuse observando como a difusión de información a través do xornal municipal ‘Novas de Cambre’ non respecta a pluralidade local e converteuse nun panfleto do goberno de Unión por Cambre, que fai un uso partidista dos medios municipais co xornal que pagan todos os veciños e veciñas.

Os distintos grupos municipais presentes neste Pleno deben reivindicar a necesidade de promover a participación, a transparencia e o bo goberno, empezando por garantir a pluralidade nos medios locais de información e comunicación, respectando en todo caso os principios de obxectividade, neutralidade informativa ou veracidade, no canto de usarse o ‘Novas de Cambre’ como unha ferramenta de propaganda política da Alcaldía.

Por todo isto é necesario adoptar mecanismos e formas de comunicar que garantan que a información do xornal municipal sexa de calidade e rigorosa, apoiando aos profesionais que a realizan, para o que debería estar regulada a súa edición, atendendo a criterios de obxectividade e representatividade.

ACORDOS:

1. Instar ao Pleno da Corporación a que sexa suprimida a edición do xornal municipal ‘Novas de Cambre’, mentres non sexa regulada a edición do xornal municipal para garantir a máxima pluralidade informativa.
2. Que sexa o Pleno da Corporación o encargado de debater e valorar se é necesario ou non, o dar continuidade á impresión dun xornal municipal en papel, ante o custo económico de miles de euros que supón para as arcas municipais a súa edición e repartición, así como o custo medioambiental que supón, habendo na actualidade moitas formas de transmitir información dunha maneira máis efectiva e sostible como son os medios dixitais, que poden cubrir esa necesidade de comunicación cos veciños e veciñas de Cambre.”

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP de data 20 de setembro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Morales Barrientos, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PP anteriormente transcrita.

5. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

5.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:43:21 horas

De orde da Presidencia, o Sr. secretario accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1009/2024, do 29 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, dende o día 2 ao 10 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1012/2024, do 30 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá a prol do segundo tenente de alcaldesa, don Daniel Mallo Castro, dende o día 3 ao 10 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1046/2024, do 3 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro.- Revogar a delegación xenérica da Área de Cultura, Deportes e Xuventude efectuada a prol de don David López Saborido por Resolución da Alcaldía núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo.- Notificar ao interesado, publicar no *Boletín Oficial da Provincia*, e dar conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Terceiro.- Dar traslado á Unidade de Réxime Interior para os efectos de tramitar a baixa ante a Seguridade Social de don David López Saborido, cos efectos laborais e retributivos que correspondan. (...)”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1077/2024, do 9 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Ramón Boga Moscoso, dende o día 14 ao 22 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1083/2024, do 10 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, dende o día 11 ao 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

5.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:46:48 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 141 resolucións numeradas da 985 á 1125 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
985/2024	26-08-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 11 de xullo de 2024, tendo en conta os informes emitidos polo coordinador de actividades culturais e educativas con data 18.07.2024 pola coordinadora de actividades culturais e educativas en funcións con data 23.07.2024 e polo coordinador do servizo de emerxencia e protección civil en funcións con data 06.08.2024. Aprobar as facturas e gastos por importe de 17.740,51 euros
986/2024	26-08-2024	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao segundo trimestre de 2024, por importe de 696.552,33 euros
987/2024	26-08-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data do día 23 de agosto de 2024, correspondente ao período do mes de abril de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
988/2024	26-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de agosto de 2024
989/2024	26-08-2024	Delegar no concelleiro don Daniel Mallo Castro a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de JJJÁG e MELCh
990/2024	26-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 06.08.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, en relación ao pago da segunda e terceira achegas, segundo o establecido no punto 1º) da cláusula segunda do convenio logo da presentación da documentación que figura no apartado 8.2), 8.3) e 8.4) da cláusula primeira. Recoñecer e liquidar obrigas por importe 5.676,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple.

		Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 1.300,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple
991/2024	27-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 05.08.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, en relación ao pagamento da achega segundo o establecido no apartado 7º) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 18.211,91 euros a favor da Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López
992/2024	28-08-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas correspondente ao mes de maio de 2024, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data 27 de agosto de 2024, e en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais maio 2024
993/2024	28-08-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 8 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MPMNdeF
994/2024	28-08-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia, omisión e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo de todas as persoas no período comprendido entre o 1 ao 31 de maio de 2024, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data 27 de agosto de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
995/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a TÁCR, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
996/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a JRM, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
997/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AHEM e DAEM, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
998/2024	28-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 2 de agosto de 2024. Aprobar a documentación xustificativa presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 9.4 do convenio

		asinado coa Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical do ano 2022
999/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a FTK, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1000/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DAG, PGA, AMGA e IBGA, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1001/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a RDFB, por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1002/2024	28-08-2024	Considerar desistido a AVS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 08/02/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1003/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a VDS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1004/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a NGMT e SABS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1005/2024	29-08-2024	Aprobar a nómina mensual do mes de agosto do 2024 por un importe total retribucións brutas de 359.310,90 euros
1006/2024	29-08-2024	Levantar os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no informe de fiscalización de carácter suspensivo de data 08.04.2024 tendo en conta o informe da coordinadora de servizos sociais de data 15.04.2024 e de data 10.06.2024. Aprobar a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa de servizos sociais, presentada pola habilitada de pagamentos, correspondente ao período comprendido do 1 de outubro ao 29 de decembro de 2022, e recoñecer obrigas por importe de 9.539,17 euros
1007/2024	29-08-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas correspondentes o período do mes de xuño de 2024, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data do día 28 de agosto, e en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1008/2024	29-08-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade

		que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MQC
1009/2024	29-08-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, dende o día 2 ao 10 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos
1010/2024	29-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a SdaPC, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1011/2024	30-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de setembro de 2024
1012/2024	30-08-2024	Avocación de competencias do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá don Daniel Mallo Castro do día 3 ao 10 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos
1013/2024	29-08-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: TBSS
1014/2024	29-08-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MCPS
1015/2024	29-08-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEHdaSV
1016/2024	29-08-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: YCZA
1017/2024	30-08-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes xullo de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento por un importe total de 79.486,13 €
1018/2024	30-08-2024	Dar de baixa os recibos seguintes e todas as actuacións posteriores derivadas dos mesmos AMVP. Aprobar as seguintes liquidacións aos propietarios dos inmobles afectados MVS e outro
1019/2024	30-08-2024	Aceptar a renuncia voluntaria de LLR á súa condición de encargado de obras interino neste Concello, con efectos do 30 de agosto de 2024, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1020/2024	02-09-2024	Aprobar a factura por un importe total de 576,00 euros
1021/2024	02-09-2024	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 137, letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 16 de abril de 2024 ao obxecto de inhumar o cadáver MVCC. Solicitante: RMBC

1022/2024	02-09-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 26/07/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MFS
1023/2024	02-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: KJTE
1024/2024	02-09-2024	Declarar o desistimento da solicitude de licenza municipal de actividade para a posta en servizo da estación base de telefonía móbil sita Andeiro presentada por TME, S.A., por canto que tendo transcurrido con creces o prazo para a presentación da documentación que lle foi requerida, esta non foi presentada, de acordo co disposto polos artigos 42.1 e 72.1 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Suspende inmediatamente os actos que está a realizar TME, S.A. na finca sita en Andeiro, consistentes na posta en funcionamento dunha estación base para equipos de telecomunicacións carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
1025/2024	03-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RFE
1026/2024	03-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AMGR
1027/2024	03-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CRV
1028/2024	03-09-2024	Considerar desistido a EJMM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 8/2/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1029/2024	03-09-2024	Considerar desistida a PMMM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 22/1/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1030/2024	03-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ASG
1031/2024	03-09-2024	Considerar desistida a RLdaS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da

		Ordenanza reguladora solicitada con data 27/6/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1032/2024	03-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: RNC
1033/2024	03-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JFR
1034/2024	03-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LMLP
1035/2024	03-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JBRM
1036/2024	03-09-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitadas con datas 26/07/2024 e 29/08/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: JCGA
1037/2024	03-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SVLF
1038/2024	03-09-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 06/08/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: MCMP
1039/2024	03-09-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a SGVP por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1040/2024	03-09-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a IFG por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1041/2024	03-09-2024	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de CFB para a poda e roza da vexetación existente na finca sita en Cecebre, que está a invadir a vía pública, limitando a visibilidade do tráfico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1042/2024	03-09-2024	Iniciar expediente de orde de execución a TNdel F e LGJG para a poda e roza da vexetación existente na finca sita en Brexo, que invade a vía pública, entrando ademais en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan

		aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservarlos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1043/2024	03-09-2024	Iniciar expediente de orde de execución a LCT para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Santa María de Vigo, que invaden a vía pública, afectando as infraestruturas eléctricas, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
1044/2024	03-09-2024	Iniciar expediente de orde de execución a JIdeLLM e MJJM para a roza da vexetación existente nas fincas sitas en Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
1045/2024	03-09-2024	Aprobar a relación de solicitudes admitidas dos participantes no Programa Mañanceiro para o curso 2024 – 2025
1046/2024	03-09-2024	Revogación da delegación xenérica da Área de Cultura, Deportes e Xuventude efectuada a prol de don David López Saborido
1047/2024	03-09-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios de todas as persoas no período comprendido entre o 1 ao 31 de xullo de 2024, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes de data do día 3 de setembro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1048/2024	03-09-2024	Cesar con data 3 de setembro de 2024 ao funcionario interino FJBO polo transcurso do prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezaoitto meses en acumulación de tarefas, de conformidade cos artigos 23.2 d) e 24.3.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1049/2024	03-09-2024	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de LRD e PDG
1050/2024	04-09-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios de todas as persoas no período comprendido entre o 1 ao 30 de xuño de 2024, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes de data 3 de setembro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1051/2024	04-09-2024	Conceder, segundo o informe-proposta do coordinador de actividades culturais e educativas, co conforme do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 24/10/2023 os premios correspondentes ao concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2023. Conceder ás comparsas e carrozas participantes as gratificacións por participación, previstas nas bases para este concurso, por importe individual de 100,00 € a cada unha das 4 comparsas e de 300,00 € a cada unha das 11 carrozas
1052/2024	04-09-2024	Delegar na concelleira dona María Yolanda Díaz Baldomir a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de SFT e PCC
1053/2024	05-09-2024	Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o martes 10 de setembro de 2024, ás 11.00 horas

1054/2024	05-09-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de marzo 2024 que comprende 264 recibos e 142 cotas cero por un importe total de 1.296,70 euros
1055/2024	05-09-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de abril 2024 que comprende 268 recibos e 141 cotas cero por un importe total de 1.346,57 €
1056/2024	05-09-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de maio 2024 que comprende 265 recibos e 141 cotas cero por un importe total de 1.323,82 €
1057/2024	05-09-2024	Nomear a MFV funcionario de carreira na praza de aparelador, encadrada na escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A2", de conformidade co art. 60 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1058/2024	05-09-2024	Conceder o duplicado da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ALZ
1059/2024	05-09-2024	Baixa de recibos da taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, evacuación e depuración e canon da auga da Xunta de Galicia a contribuíntes e liquidación aos substitutos do contribuínte SCG. Aprobar as liquidacións aos propietarios dos inmobles afectados, como substitutos do contribuínte e obrigados por lei ao cumprimento da obriga tributaria MLL e BFL
1060/2024	06-09-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Obradoiros de Semana Santa 2024", que comprende 26 recibos e 4 cotas 0 dun total de 30 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de 440,00 €
1061/2024	06-09-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de setembro de 2024
1062/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: BJCB
1063/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 4 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: FDML
1064/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: IFdaS
1065/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na

		ordenanza reguladora. Solicitantet: JMSS
1066/2024	06-09-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a CI S.L, con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 23 de febreiro de 2024, pola que se lle ordenou formigonar ou asfaltar provisionalmente unha banda de 5 m. de longo no camiño privado ata o camiño municipal en Cecebre, de conformidade co disposto polo artigo 136.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1067/2024	06-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: OGM
1068/2024	06-09-2024	Denegar a ampliación do prazo outorgado para a poda das árbores existentes na finca sita en Anceis, que están a invadir a vía pública por canto que xa transcorreu con creces tanto o prazo inicialmente concedido como o que se podería ter concedido, que non podía exceder da metade do prazo inicialmente concedido, de acordo co disposto polo artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a JLIV con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do do concelleiro delegado de Urbanismo e Obras de data 8 de maio de 2023
1069/2024	06-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade ata o 21/08/2029 que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DAB
1070/2024	06-09-2024	Asignar o número 21-C, á vivenda e parcela de referencia situada no lugar de Aián, entidade Sigrás, CP 15181, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente
1071/2024	06-09-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 29/08/2024, xa que, segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: KFC
1072/2024	06-09-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 12/08/2023, xa que segundo o disposto no artigo 6, se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: EHB
1073/2024	06-09-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade ata o 10/01/2029 que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DRF
1074/2024	09-09-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida MJBF e AMCdeAB, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1075/2024	09-09-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DJUP, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o

		Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1076/2024	09-09-2024	Estimar as alegacións presentadas por MBCM pola deficiente estado da vexetación finca, dado que a finca afectada non é a súa e polo tanto archivar o expediente
1077/2024	09-09-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Ramón Boga Moscoso, dende o día 14 ao 22 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos
1078/2024	09-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ISM
1079/2024	09-09-2024	Delegar na concelleira dona Maria del Carmen Pan Matos a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de NCM e JARG
1080/2024	09-09-2024	Delegar na concelleira dona Maria del Carmen Pan Matos a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de SDD e MSR
1081/2024	09-09-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal o día 14 de xullo de 2024 no informe de existencia de crédito ao contrato menor denominado "Subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do plan formativo para o emprego (plan afd) 2023 – 2024 do Concello de Cambre". Dispoñer que continúe o procedemento de contratación
1082/2024	10-09-2024	Declarar o desistimento da comunicación previa para a adecuación de infraestrutura de telecomunicacións de ATE, S.L.U. no Temple, por canto que tendo transcorrido con creces o prazo para a presentación da documentación que lle foi requerida, esta non foi presentada, sendo esta necesaria para o inicio das obras, tal como se lle indicou no requerimento de data 27 de xuño de 2024. Suspende inmediatamente os actos que está a realizar ATE, S.L.U. consistentes na adecuación de infraestrutura de telecomunicacións no Temple, carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1083/2024	10-09-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, dende o día 11 ao 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos
1084/2024	11-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LCGG
1085/2024	11-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SAdeV
1086/2024	11-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: FMC
1087/2024	12-09-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal en informe emitido con data 18 de xuño de 2024 á contratación dun operario peón, dun

		operario condutor e dun oficial albanel ao abeiro do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. Dispoñer que continúe o procedemento para a convocatoria do proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal dos ditos traballadores/as, ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos Concellos de Provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de emprego local. Programa PEL-CONCELLOS 2024
1088/2024	12-09-2024	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de agosto de 2024 por importe de 51.875,65 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 51.875,65 euros
1089/2024	12-09-2024	Levantar o reparo formulado pola interventora accidental no seu informe de fiscalización subvención nominativa Sementeira Cambre para a promoción musical 2023, de data 29/08/2024. Outorgar á asociación Sementeira Cambre unha subvención por importe 63.000,00 euros para a promoción musical do ano 2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación Sementeira Cambre para a promoción musical do ano 2023
1090/2024	12-09-2024	Aprobar a devolución de 66,96 € no concepto de ingresos indebidos e o pago de 4,35 € en concepto de xuro legal. Total 71,31 euros. Solicitante: FJSF
1091/2024	13-09-2024	Nomear a AFS informadora xuvenil interina, encadrada na escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2, adscrita á Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) por substitución transitoria da titular do posto dona SGC
1092/2024	13-09-2024	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 17 de setembro de 2024, ás 9.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello
1093/2024	13-09-2024	Nomear a MDAR, conserxe interina encadrada na escala de administración xeral, subescala Subalterna, pertencente ao grupo "Outras Agupacións Profesionais sen requisito de titulación" e adscrito ao departamento de Deportes en substitución transitoria de don JEMT
1094/2024	12-09-2024	Conceder a KIMDS a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
1095/2024	12-09-2024	Conceder a RCQR a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
1096/2024	16-09-2024	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 19 de setembro de 2024, ás 11:00 horas, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello
1097/2024	16-09-2024	Modificar a solicitude de subvención aprobada por Resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación núm. 69/2024, do 26 de xaneiro, ao abeiro do disposto na Resolución do 27 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se estableceron as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, para adaptala ao crédito orzamentario máximo

		dispoñible comunicado pola Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, Consellería de Política Social e Igualdade. A contratación formalizarase para a realización de traballos de auxiliar administrativa no departamento de Réxime Interior cun orzamento total de 24.184,50 €
1098/2024	16-09-2024	Delegar no concelleiro Daniel Mallo Castro a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de OEFP e MJVC
1099/2024	16-09-2024	Delegar no concelleiro Daniel Mallo Castro a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de BCBG e JLPF
1100/2024	16-09-2024	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 400,00 euros
1101/2024	16-09-2024	Delegar na concelleira María Yolanda Díaz Baldomir a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de RPV e RAR
1102/2024	16-09-2024	Resolución de estimación de alegacións presentadas a procedemento sancionador de tráfico
1103/2024	17-09-2024	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 600,00 euros
1104/2024	17-09-2024	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 480,00 euros
1105/2024	17-09-2024	Adxudicar o contrato menor a Berrobambán, S.L., por importe de 484,00 € (IVE incluído) do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Contos de sapos, bruxas e curuxas", a cargo de Berrobambán S.L. e levada a cabo por Paula Carballeira o 18 de setembro de 2024 ás 17:30h na Biblioteca Central María Pita, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2024.
1106/2024	17-09-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar o expediente para a contratación dunha póliza de seguro de accidentes para os participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre (exped. TEdcC núm. 2024/C006/000006, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), cun orzamento anual de licitación de 30.000,00 euros
1107/2024	18-09-2024	Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal de tres traballadores/as; un operario peón, un operario conductor e un oficial albanel para a execución das obras e servizos aprobados por resolución núm.19/2024 do día 11 de xaneiro do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación e subvencionados por Resolución núm.2024/4824, de 8 de febreiro do presidente da Deputación publicada no BOP núm 31 do 12/02/2024. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria.
1108/2024	18-09-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para declarar desertos os Lotes 1, 3, 6, 7 e 8 da contratación das "Actuacións necesarias para a montaxe do evento Open Science Cambre no ano 2024" (expediente TEdcC núm. 2024/C005/000009).
1109/2024	18-09-2024	Adxudicar o contrato menor a David Pernas Lázaro, por importe de 375,00 € (IVE incluído) para o servizo consistente na actividade de animación á lectura "Cueiros de cores", a cargo de TrinkeTrinke Teatro [David Pernas Lázaro] o 26 de setembro de 2024 ás 18:30 h na Biblioteca Municipal Os Templarios, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2024
1110/2024	18-09-2024	Adxudicar o contrato menor a Eva María Agra García, por importe de 350,00 €

		(IVE incluído) para o servizo consistente na actividade de animación á lectura "Zinética", a cargo de Komorevi [Eva María Agra García] o 27 de setembro de 2024 ás 17:30h na Biblioteca Xabier P. Docampo, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2024.
1111/2024	18-09-2024	Adxudicar o contrato menor a Grupo Trémola S.L., por importe de 350,00 € (IVE incluído) para o servizo consistente na actividade de animación á lectura "Leo e a música", a cargo do Grupo Trémola S.L. o 19 de setembro de 2024 ás 18:30h na Biblioteca Municipal Os Templarios, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2024.
1112/2024	18-09-2024	Adxudicar o contrato menor a Raquel Senra Fernández, por importe de 300,00 € (IVE incluído) para o servizo consistente na actividade de animación á lectura "Contacontos en movemento:libros e ioga!", a cargo de Árbore azul [Raquel Senra Fernández] o 20 de setembro de 2024 ás 17:30h na Biblioteca Xabier P. Docampo, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2024
1113/2024	18-09-2024	Adxudicar o contrato menor a Daniel Blanco Chapela, por importe de 330,00 € (IVE incluído) para o servizo consistente na actividade de animación á lectura "Bandullo, bochos e faragullas", a cargo de Dani Blanco [Daniel Blanco Chapela] o 25 de setembro de 2024 ás 17:30h na Biblioteca Central María Pita, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2024.
1114/2024	18-09-2024	Rectificación dos apartados cuarto, sétimo e noveno da Resolución da Alcaldía nº 1108/2024, do 18 de setembro
1115/2024	19-09-2024	Aprobación do padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2024" (1ª quenda: do 1 ao 12 de xullo de 2024, 2ª quenda: do 15 ao 31 de xullo de 2024, 3ª quenda: do 1 ao 14 de agosto de 2024 e 4ª quenda: do 19 ao 30 de agosto de 2024)
1116/2024	19-09-2024	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 5/2024 por un importe de 6.000,00 euros, da aplicación orzamentaria "326 48100 Becas de estudio y libros educación" á aplicación orzamentaria "326 78000 A familias e institucións sin ánimo de lucro"
1117/2024	19-09-2024	Conceder a MEOB a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
1118/2024	20-09-2024	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 24 de setembro de 2024, ás 9.00 horas
1119/2024	20-09-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no «Informe aos contratos menores correspondentes á unidade funcional "Open Science Cambre 2024"», asinado ás 14:10:24 h do día 18 de setembro de 2024, no que se refire ao expediente de contratación 2024/C002/000059 "Contrato Menor para a subministración de carpas e complementos para o evento Open Science Cambre". Dispoñer que continúe o procedemento para a adxudicación do expediente 2024/C002/000059.
1120/2024	20-09-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no «Informe aos contratos menores correspondentes á unidade funcional "Open Science Cambre 2024"», asinado ás 14:10:24 h do día 18 de setembro de 2024, no que se refire ao expediente de contratación 2024/C002/000058 "Contrato Menor para

		<p>a subministración de baños portátiles químicos para o evento Open Science Cambre".</p> <p>Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 2024.337.226.10.</p> <p>Adxudicar o contrato menor para a subministración de baños portátiles químicos para o evento Open Science Cambre a SUGEMA SL, por importe de 670,00 euros sen IVE, 810,70 euros (IVE incluído).</p>
1121/2024	20-09-2024	<p>Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no «Informe aos contratos menores correspondentes á unidade funcional "Open Science Cambre 2024"», asinado ás 14:10:24 h do día 18 de setembro de 2024, no que se refire ao expediente de contratación 2024/C002/000060 "Contrato Menor para o servizo de memoria técnica do evento Open Science Cambre".</p> <p>Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 2024.337.226.10.</p> <p>Adxudicar o contrato menor para o servizo de memoria técnica do evento Open Science Cambre a IC2 Inspecciones SL, por importe de 850,00 euros (IVE excluído); 1.028,50 euros (IVE incluído).</p>
1122/2024	20-09-2024	<p>Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no «Informe aos contratos menores correspondentes á unidade funcional "Open Science Cambre 2024"», asinado ás 14:10:24 h do día 18 de setembro de 2024, no que se refire ao expediente de contratación 2024/C002/000062 "Contrato Menor para o servizo de vixilancia nocturna da Open Science Cambre".</p> <p>Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 2024.337.226.10.</p> <p>Adxudicar o contrato para o servizo de vixilancia nocturna da Open Science Cambre a "Trisquel Protección y Vigilancia S.A.", por importe de 1.409,40 (IVE excluído); 1.705,37 euros (IVE incluído).</p>
1123/2024	20-09-2024	<p>Levantar os reparos suspensivos formulados pola interventora municipal nos informes que de seguido se relacionan e respecto dos lotes que igualmente se indican:</p> <ul style="list-style-type: none"> - no informe da interventora municipal de data 19 de setembro de 2024 (CVD: EoGFDtTtLThjXs3YWNX7) de fiscalización previa da adxudicación do lote 2 (Fase D) do contrato mixto de servizos e subministros denominado Open Science Cambre 2024 - no informe de data 17 de setembro de 2024 (CVD: J8X2qD9gtUHSFpfySB0n) de fiscalización previa da adxudicación do lote 4 (Fase D) do contrato mixto de servizos e subministros denominado Open Science Cambre 2024 - no informe de data 17 de setembro de 2024 (CVD: negJtrieusOZTGtEiXyd) de fiscalización previa da adxudicación do lote 5 (Fase D) do contrato mixto de servizos e subministros denominado Open Science Cambre 2024 - no informe de data 17 de setembro de 2024 (CVD: mOAYTR920CeVj126gibW) de fiscalización previa da adxudicación do lote 9 (Fase D) do contrato mixto de servizos e subministros denominado Open Science Cambre 2024 <p>Dispoñer que continúe o procedemento para a adxudicación dos lotes 2, 4, 5 e 9 do expediente de contratación 2024/C005/000009.</p>
1124/2024	20-09-2024	<p>Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar o gasto e adxudicar o contrato menor, expediente 2024/C002/000059, da subministración de carpas e complementos para o evento Open Science Cambre.</p> <p>Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2024.337.226.10.</p> <p>Adxudicar o contrato para a subministración de carpas e complementos para o evento Open Science Cambre, a prol de Óscar Germiñas Lamas, no prezo ofertado de 13.930,00 € (sen IVE), 16.855,30 € (IVE incluído), por ser a única empresa que presentou oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor</p>

		prezo.
1125/2024	20-09-2024	<p>Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación dos lotes 2, 4, 5 e 9 da contratación da subministracións e servizos das actuacións necesarias para o montaxe do evento "Open Science Cambre". Expediente: 2024/C005/000009.</p> <p>Adxudicar o Lote 2 "Carpa domo", á empresa Hebe Sport, S.L., no prezo ofertado de 9.350,00 € sen IVE, 11.313,50 € (IVE 21% incluído), por ser a única empresa que presentou oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.</p> <p>Excluír ao licitador Elecwork, S.L. da licitación do Lote 4, ao non presentar a documentación requirida na Cláusula 16 PCAP no prazo outorgado para o efecto.</p> <p>Adxudicar o Lote 4 "Instalación eléctrica temporal", a favor do seguinte licitador admitido "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." no prezo ofertado de 17.955,28 euros sen IVE (21.725,89 euros IVE incluído), por ser a seguinte empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.</p> <p>Adxudicar o Lote 5: "Serigrafía y señalización" a empresa Ovejero Sequeiro, S.L., no prezo ofertado de 6.730,18 € sen IVE (8.143,52 euros IVE incluído) por ser a única empresa que presentou oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.</p> <p>Excluír ao licitador Jardanay, S.L., da licitación do Lote 9, "Manutención" ao non presentar a documentación requirida na cláusula 15.1 do PCAP e 141 da LCSP no prazo outorgado para o efecto.</p> <p>Adxudicar o Lote 9, "Manutención" , a favor do seguinte licitador admitido "Catering Ferrolterra, S.L.", no prezo ofertado de 7.800,00 euros sen IVE (8.580,00 euros IVE incluído), por ser a seguinte empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.</p>

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de agosto de 2024
- Solicitud de adhesión específica do Concello de Cambre ao acordo marco da Central de Contratación do Estado para a subministración de papel de equipos de impresión, fotocopiadoras, copiadoras y multicopiadoras (AM 20/2023)
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de setembro de 2024
- Proposta de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2b/2024"
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 10 de setembro de 2024
- Proposta de devolución da garantía constituída pola empresa adxudicataria "Narabeen Global Services, S.L." para o servizo de "Producción do evento cromático 'Mural Fest', dentro do programa 'Mocearte', a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024". Exp: 2022/C004/00008
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de setembro de 2024

- Proposta de adjudicación do lote 4 “Subministración de gases industriais para soldadura” relativo á contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan formativo para o emprego (Plan AFD 2023-2024), expediente TEDeC núm. 2023/C005/000015, ao licitador “Nippon Gases España, S.L.U.” no prezo ofertado de 8.152,50 € sen IVE (9.864,53 € con IVE), por ser a entidade que obtivo a mellor puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do PCAP (prezo ofertado á baixa), sen que a súa oferta estea incurso en presunción de oferta anormalmente baixa

- Proposta de adjudicación do contrato para a subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción – climatización doméstica do Plan formativo para o emprego (Plan AFD 2023-2024) do Concello de Cambre, expediente TEDeC núm. 2024/C002/000011, á empresa “Suministros Bermúdez Ulloa, S.L.” no prezo ofertado de 14.405,00 € sen IVE (17.430,05 € IVE incluído), por ser a empresa que fixo a única e mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

5.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 00:46:57 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006119 o día 23 de setembro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:47:03 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Neste último ano os veciños do Temple padeceron os atrasos da obra do parque Ramón Barba, de como por cada semana de traballo que realizaban os obreiros, se paraban tres ou catro semanas, reforma rodeada de polémica dende o principio, empezando polo deseño do proxecto do parque que non coincidía coas peticións dos veciños da zona, cuxo principal reclamo era aumentar as zonas verdes e ao final so teñen máis cemento, pola tala de árbores, pola instalación dun circuíto de pumptrack que rompe a estética do parque e se encontra pegada as vivendas, e sobre todo polos continuos atrasos na terminación dunha obra que debía estar rematada hai dous meses e aínda está sen empezar o tan anunciado teatro ao aire libre que substitúe a antiga piscina.

Despois de máis dun ano esperando, despois de haber concedido unha prórroga a empresa, despois dos erros nos estudos das cotas das rasantes e de vibracións nos edificios próximos que obrigaron a paralizar a obra... os veciños do Temple seguen tendo pechado o seu único parque, os nenos levan xa dous veranos sen poder utilizar a pista deportiva, e ao final teremos só máis cemento e menos zonas de sombra para os nosos maiores, e todo pola negligente xestión do concelleiro de Urbanismo e Obras, Juan González Leirós, que se atreve a afirmar nas comisións da semana pasada que foi “Unha boa execución do proxecto”.

Por todo isto, dende o Partido Popular solicitamos que se abra canto antes o parque Ramón Barba e a pista deportiva para o uso dos veciños a zona, e que se depuren responsabilidades no departamento de Urbanismo pola falta de control deste proxecto que podíamos ter rematado dende hai meses.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:54:43 horas

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández.

“Este rogo vai dedicado ás nosas nais e aboas, exemplos de mulleres traballadoras. Os antigos lavadoiros ademais de ser un sitio de traballo eran puntos de encontro e de faladoiro para as mulleres do lugar. Un espazo herdado de nais a fillas ao longo do tempo onde o traballo colectivo daba lugar a resolver asuntos públicos e privados. Non debemos esquecer cando vemos estes lugares, que máis aló do que vemos, son lugares vivos, cheos de saber, de conciencia e de memoria. Por todo isto o Partido Popular roga ao grupo de goberno que sexa consciente do grave abandono que sufren as nosas fontes e lavadoiros, lles dean a prioridade e a relevancia que merecen e leven a cabo a súa limpeza e conservación honrando así a memoria histórica do noso Concello.”

O Sr. Boga Moscoso contesta o rogo. Interven a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:57:43 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“Rogamos desde o Partido Popular que traballen nun proxecto ambicioso que promova o consumo local de cara ao próximo Nadal e que compartades as vosas ideas co resto dos grupos da Corporación.”

O Sr. Boga Moscoso contesta o rogo.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006120 o día 23 de setembro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego, din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:58:43 horas

O Sr. Alcantarilla Rei retira o primeiro rogo presentado por escrito para despois facer un rogo oral.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:58:55 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Desde o Partido Socialista de Cambre, rogamus que se priorice a contratación para o posto de orientación laboral, un servizo que brindou axuda a numerosos veciños/as de Cambre e demostrou ser fundamental para o noso municipio. Este posto, que foi utilizado amplamente, evita que moitos dos nosos veciños desempregados teñan que desprazarse á Coruña en busca de asesoramento e orientación, o que supón un gran aforro de tempo e recursos para eles. A presenza desta orientadora laboral foi clave para ofrecer apoio personalizado e facilitar o acceso a oportunidades laborais a quen máis o necesitan. Non podemos permitir que un posto tan esencial e valioso para Cambre desapareza, xa que deixaría a moitas persoas sen a orientación e o apoio que requiren para atopar emprego e mellorar a súa situación.”

A Sra. Díaz Baldomir contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:00:13 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Tras a remodelación da zona anexa ao parque infantil sito na rúa Francisco Rodríguez trasladáronnos numerosos veciños da zona queixas achega do remate de beirarrúa que se mostra nas fotografías adxuntas.

Tal e como se pode ver nas citadas imaxes, a beirarrúa termina nun ángulo pronunciado causando danos nas rodas e lamias dos vehículos que transitan pola zona.

Motivo polo cal rogamos desde o Partido Socialista de Cambre que se tomen as medidas oportunas para poñer unha pronta solución a este problema.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interveñen o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. alcaldesa.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006116 o día 23 de setembro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:09:04 horas

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández.

“Atopamos un insuficiente mantemento na urbanización da Barcala así como deficiencias nas obras realizadas na Praza 1º de Maio. Polo tanto, rogamos un mantemento máis continuado nas prazas, instalacións, parques e pista polideportiva da Urbanización da Barcala. Anexamos fotos do seu estado actual.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interveñen o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. alcaldesa.

(Cando son as doce horas e dez minutos, durante o debate do rogo, auséntase do salón de sesións o concelleiro de UxC, Sr. Boga Moscoso, que se reincorpora ás doce horas e trece minutos)

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:13:50 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“O Concello de Cambre, como de todos é sabido ten un clima atlántico, con choivas recorrentes, que sofren todas as persoas que non teñen onde gardarse namentres esperan o transporte público, facendo visíbel o trato desigual que reciben algunhas/os viciñas/as, e que fai máis penoso cando se transportan bolsas que non hai nin onde apoiar.

Dende o BNG, vimos demandando no tempo, que aqueles asuntos diarios tan urxentes sexan arranxados coa dilixencia que merece calquera cidadá/án.

Poñemos o exemplo do rueiro do Apeadoiro de Cecebre, que dispoñía no seu tempo dela en dirección A Coruña, máis esta foi sacada de lugar para facer unha beirarrúa, e nunca se recolocou, a pesares de que as usuarias cansáronse de reclamalo unha e mil veces. (Obviaremos a situación de pasado o tempo, colocar unha diante da Fundación W.F.Flórez, que loxicamente foi ignorada tanto pola empresa prestataria do servizo, como polas/os usuarias/os, se querían chegar a destino)

Esta debe ser a cuarta vez que temos que traer a Pleno este asunto, para que o goberno de UxC diga que se poñerá, que se repita que está en trámite para poñelas. Unha vez máis.... Hora é, de que estas sesións sirvan

realmente para tratar e mellorar as condicións de vida das/os cambresas/es, e non un eterno e triste recordatorio de cal é o estilo de gobernar de quen neste intre o fai en minoría.

SOLICITAMOS: Que se repoñan con carácter urxentísimo en todo o Concello, onde non hai marquesiñas, e se manteñan nun estado de salubridade e seguridade que permitan o seu uso sen ser sinaladas/os como cidadás/áns de terceira categoría.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén o Sr. Vázquez Pérez.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:19:14 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Rematado o verán, e as súas festas, cos seus días longos e solleiros imos preparándonos para as longas noites, que precisan de ocupacións diferentes na xente.

Así, nas distintas programacións de nenos, maiores, entran as lecturas, as sesións de teatro, conferencias, concertos, etc.

E unha vez máis entramos no deserto máis absoluto no que se converteu este noso concello, bendicido con unha natureza abondosa e unha estratéxica situación na área metropolitana. Toca pois, para os máis afortunados, ter que desprazarse os concellos veciños, onde si teñen acceso á Cultura en maiúsculas, gastamos así do noso peto os desprazamentos (para quen teña transporte público, porque nas distintas aldeas non o temos axeitado) onde abren as bibliotecas, onde podemos ver películas na Coruña, teatro en Oleiros ou Sada, e os concertos da nosa querida banda Sementeira en Culleredo no seu auditorio.

Pode unha persoa allea a Cambre pensar, que as/os cambresas/es somos xente moi de viaxar acotío, máis a razón, señora alcaldesa, señores concelleiros é outra ben distinta.

Imos por necesidade, xa que aquí, en Cambre, non dispoñemos dos mínimos que garantan o noso dereito á cultura.

As explicacións de última hora dadas polos distintos departamentos, non son satisfactorias para ninguén. As/os veciñas/os xa non entenden nada.

Por que as rapazas e os rapaces de Cambre non saben nunca os horarios das bibliotecas? Por que un estudante non pode calendarizar as súas horas de estudo nelas, xa que ao mellor estará fechada?

Por que unha obra de teatro énos prohibida? Pois nin no Centro do Graxal, nin no da Barcala, se pode representar decentemente

Por que non podemos gozar dun bo concerto con auditorio suficiente para que se encha de xente desfrutando del.

Eses clubs de lectura, que tan necesarios son nunha sociedade coma a nosa, non están. Ese Moucho Leroucho, que desapareceu inexplicablemente das vidas das/os nenas/os de Cambre. Un longo etcétera, que de sobra é coñecido por vostedes, sabendo que a cultura fai posíbel unha sociedade mellor.

Polo que,



SOLICITAMOS: Que dada a situación de emerxencia cultural, se lle dea solución urxente e prioritaria, artellando para iso os mecanismos precisos, que vostedes deben de buscar, pois todos estes anos nos cargos, serviríanlles para o que foron elixidos: facer un Cambre mellor.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Interveñen o Sr. Vázquez Pérez, a Sra. alcaldesa e o Sr. Carballada Rodríguez.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006118 o día 23 de setembro de 2024, xunto coa pregunta presentada para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:25:46 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Rogamos se repare a contorna da arqueta de saneamento situada á altura do nº 8 da rúa Abeleira, xa que está solta e fai moito ruído ao paso dos vehículos por enriba dela.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:26:20 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Rogamos se roce con urxencia o paso peonil á marxe dereita da estrada N-550 para que a veciñanza non se vexa obrigada coma na actualidade a ir pola beiravía da estrada para ir á parada de bus situada 100m máis arriba.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:26:52 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Rogamos se lle notifique ao titular da parcela con referencia catastral 2261930NH5926S na rúa Temple nº 14 que a roce á máxima brevidade, xa que a maleza invade a beirarrúa e non deixa pasar aos peóns.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

ROGO DO PSDEG-PSOE PRESENTADO ORALMENTE

Rogo oral - Acceso á videoacta – 01:27:26 horas

O Sr. Alcantarilla Rei formula o seguinte rogo:

Di que dende o Partido Socialista de Cambre rogan que no vindeiro ‘Novas de Cambre’ se publique con total transparencia toda a verdade das publicacións editadas; que vendo as últimas publicacións ven unha manipulación na información, onde se informa de forma incorrecta aos veciños e se lles oculta información moi importante sobre o día a día do concello; que están de acordo co ‘Novas de Cambre’, pero que non van permitir



a publicación do 'Novas de Unión por Cambre'; e conclúe dicindo que moito menos que se manipule e se engane aos veciños de Cambre.

5.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:29:39 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900006119 o día 23 de setembro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:29:46 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“O Partido Popular quere saber a situación dos contratos ponte e de subministración de gasóleo, gasolina e gas, así como ata que data estamos cubertos e tranquilos coa subministración.”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:30:50 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán.

“Primeiro agradecer por parte do Partido Popular o labor levado a cabo polas forzas e corpos de seguridade do Estado, preguntamos dende o PP se é certo que marchan catro ou cinco policíaas para outro concello de cara ao final de ano.”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:32:39 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“A RPT (relación de postos de traballo) para cando?”

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900006120 o día 23 de setembro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego, din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:33:09 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.



«No pleno do mes de agosto preguntamos en que situación se atopaban o prego de contratación de limpeza de edificios públicos, centros escolares e centro de saúde, contestósenos que “a previsión era que saísen en setembro”. A piques de terminar o mes de setembro volvemos preguntar. En que estado atópase o citado prego?»

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:34:00 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.

“O 1 de outubro é o Día do Maior. Cal é a data prevista para realizar a XVI Xuntanza do Maior?”

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:34:20 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“En que situación se atopa o prego de dinamización das casas da xuventude?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900006116 o día 23 de setembro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:34:45 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Respecto da falta de auditorio, teatro, etc. Teñen algunha novidade que nos poidan comunicar?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:35:08 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Solicitóuselle á Xunta de Galicia, despois de rematada a intervención da ría do Burgo, informe da calidade das augas no que respecta ao noso Concello de Cambre, para dar cumprida información á veciñanza?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:35:34 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.



“En canto ao servizo de axuda no fogar, que tanta inqueda causa entre a nosa poboación máis sensible, e como nos foi contestado en sesión de comisións informativas, solicitamos hoxe en sesión plenaria, que se dea traslado de exactamente en que punto se atopa para a súa contratación, tendo en conta o grafo de insatisfacción que veu tendo a actual, e co desexo dela de non volver a presentarse para seguir dándoa.”

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

PREGUNTA DE AV PRESENTADA POR ESCRITO

Rexistrada de entrada ao núm. 202499900006118 o día 23 de setembro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcrita di:

Única pregunta - Acceso á videoacta – 01:36:24 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Hai dous anos, foron instalados no noso concello dous radares disuasorios, un nos Campóns e outro na rúa Riveiriña, en Bribes, este último hai tempo que non funciona, motivo para traer aquí este asunto para solicitar o seu arranxo e preguntar se se ten pensado cambiar de localización como se dixera cando foron instalados.”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e trinta e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario accidental nesta sesión, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

O secretario accidental
(Asinada dixitalmente nesta data polo técnico de
xestión de Administración Xeral que actuou como
secretario accidental na sesión)

Fernando Manuel Garrido Negreira